



**GRUPO PROVINCIAL**  
**G-32014003**  
**xosebaltar@bng.gal**

Bernardo Varela López, Voceiro do Grupo Provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte moción: **para a reactivación urxente da construción do CAPD de Ourense baixo os termos acordados pola plataforma ProCAPD**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A reivindicación a favor dun centro de atención a persoas con diversidade funcional público e de xestión pública da plataforma ProCAPD-Ourense, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar público e de xestión pública directa, vén de lonxe. Aínda que foi xa no ano 2016 cando as e os candidatos por Ourense ao Parlamento Galego comprometeron coa súa sinatura o seu compromiso con esta infraestrutura no caso de gobernar, o Partido Popular demorou a súa concreción alongando no tempo os incumprimentos.

Cómpre recordar que a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas das comarcas de Ourense así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE e de XESTIÓN PÚBLICA, ou o que é o mesmo un, CAPD no territorio administrativamente coñecido como “provincia” de Ourense, similar o que xa existe no resto de circunscricións galegas.

O compromiso de construción deste centro público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos previamente ás eleccións galegas daquel ano. Existiron tamén acordos semellantes no Concello de Ourense, no Parlamento Galego e tamén na Deputación de Ourense, como acadado por unanimidade do pleno provincial en xaneiro de 2020.

Cómpre recordar tamén que após 2016, cando as nais e pais da plataforma examinaron o proxecto exposto polos técnicos da Consellería e descubriron a intención da consellaría de levar

a cabo un proxecto totalmente diferente ao que nos comprometéramos todas as organizacións políticas e houbo unha gran manifestación o 2 de febreiro de 2017 que levou á Xunta a rectificar e reiniciar o proceso.

Asumido por fin por parte da Xunta de Galiza que debe construírse este centro, a principal problemática reside – **máis alá dos constantes atrasos por parte de Concello de Ourense e Xunta**- na falta de clarificación e compromiso sobre a xestión pública, o que resulta un problema alarmante para nais as nais e pais, e o conxunto da plataforma.

En xuño de 2020 a Xunta de Galiza asinaba coa UTE Construcciones ALEA, S.L. Proforma Ejecución de Obras y Restauraciones, S.L. o contrato de obras de construción dun centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense. Contrato adjudicado por un importe de 7.659.080,66 €, sendo de 18 meses o prazo de execución polo que debería estar totalmente rematada a obra do CAPD no mes de febreiro de 2022.

A mediados do mes de xuño de 2021 a UTE adjudicataria comunica á Xunta de Galiza a imposibilidade de continuar coa execución do contrato asinado polo que procedía á paralización da construción da obra, extremo do que o goberno galego en ningún momento informou, nin conste tampouco adoptase medida algunha para solucionar a situación.

O pasado 18 de marzo a Xunta de Galiza respondía en sede parlamentaria a unha pregunta do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego respecto da paralización de máis de seis meses das obras de construción en Ourense do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos. En dita resposta, despois de meses sen dar explicacións públicas nin informar ás familias ou á plataforma ProCAPD-Ourense, a Xunta de Galiza confirmaba oralmente que a administración galega puxera en marcha o expediente de resolución do contrato á UTE que fora adjudicataria no seu día (conformada por Construcións Alea e Proforma Execución de Obras e Restauracións) ante a imposibilidade de chegar a un acordo trala proposta das empresas de modificación do contrato para abaratar os custos e ante o fracaso das medidas incorporadas na lei de orzamentos do ano 2022 para favorecer unha saída a este tipo de situacións.

Así as cousas, é necesario recordar varias cuestións:

- En primeiro lugar, que o compromiso coa construción do centro data xa do ano 2016 e foi reiteradamente dilatado polo goberno galego. Foi grazas á mobilización social e das familias que se conseguiu avanzar na cuestión.
- En segundo lugar, o proxecto debía estar **operativo xa en marzo de 2022**. Vencido o prazo establecido para a total execución do CAPD resulta que apenas está executada a terceira parte da obra, sen que conste a efectiva resolución de contrato e o inicio dos trámites para unha nova adxudicación
- En terceiro lugar, é inxustificable que a Xunta demorase tanto esta situación toda vez que confirmou que sabía do problema derivado da suba de prezos desde mediados de 2021 e pasou case un ano.
- En cuarto lugar, continúa a falta de claridade e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión pública do CAPD.

*Teñamos tamén en conta que durante anos a Xunta consignou tímidas partidas orzamentarias mais sen avanzar na realidade. Agora que por fin as obras botaban a andar, o goberno galego acusa na crise de materiais e de prezos as demoras na súa concreción. Porén, hai que ter en conta que outras obras públicas non sufriron estas demoras e que a lei de orzamentos da Xunta prevía mecanismos de compensación. Por outra banda, este é un problema global neste momento, de todas as administracións e de todos os territorios, polo tanto é necesario que se aclaren as verdadeiras razóns e a reprogramación desta obra.*

É necesario que a Xunta de Galiza aclare a data exacta de finalización do contrato e comprometa novos prazos para sacar a concurso o novo procedemento para garantir a construción do centro á maior brevidade posible.

## ACORDOS

1. O pleno provincial insta á Xunta de Galiza á tramitación por vía de urxencia da resolución do actual contrato e da nova adxudicación do CAPD de Ourense, así como concretar o prazo para a apertura.

2. O pleno provincial insta á Xunta de Galiza a concretar os prazos de nova adxudicación da construción do CAPD de Ourense, así como o prazo de finalización, apertura e entrada en funcionamento do centro que debера estar rematado xa en marzo de 2022.
3. O pleno provincial insta á Xunta de Galiza a garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do CAPD de Ourense a fin de que o proxecto se execute consonte ás demandas acordadas.
4. O pleno provincial insta á Xunta de Galiza a explicar de forma transparente as razóns nas demoras na realización das obras de construción e garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de reprogramación da construción do novo CAPD de Ourense.
5. O pleno provincial insta á Xunta de Galiza a que garanta por escrito que o centro público será de xestión exclusivamente pública e directa.
6. O pleno provincial insta á Xunta de Galiza a realizar as modificacións orzamentarias precisas para garantir a súa xestión pública directa a través da contratación de persoal público, disponibilizando os fondos precisos para por en funcionamento de xeito inmediato o servizo público directo, para o que se consensuará coa plataforma e os axentes sociais a convocatoria urxente dun concurso oposición para a selección inmediata de persoal que garanta a dispoñibilidade de persoal cualificado nada máis rematen as primeiras fases do proxecto.

Ourense, 12 de maio de 2022

Asdo: Bernardo Varela López  
Voceiro do grupo provincial do BNG

**A Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense**